



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Informática aplicada á documentación

Departamento: Técnicas de documentación dos bens culturais.

Formación básica	Curso: 1º	Anual	6 ECTS
------------------	-----------	-------	--------

Teórico-práctica

Profesora: Emma Pérez Teijeiro

epteijeiro@edu.xunta.gal

Horario: 3 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Nocións xerais de informática e a súa aplicación á conservación e restauración: normalización da información. Documentación automatizada. Internet. Bases de datos. Introducción á elaboración de gráficos. Tratamento e integración da información. Programas para a presentación da información. Aplicación de programas informáticos de xestión documental á conservación e restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T5	Comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional. E interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X11	Adquirir a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo mecanismos axeitados de comprensión e de diálogo interdisciplinario

CURSO ACADÉMICO 2019-2020



X12	Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar follas de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Acadar nocións xerais de informática.
Acadar a capacidade de aplicar á informática a CR. Normalización da información.
Coñecer e aplicar programas informáticos de xestión documental á CR. Base de datos.
Acadar a capacidade de manexo dos elementos básicos de Redes. Internet.
Coñecer e aplicación do procesado e tratamento dixital da imaxe.
Coñecer os conceptos básicos do debuxo asistido por ordenador.
Comprender e aplicar os sistemas de representación en 3D.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidades	Subtemas.	% no total da materia
Conceptos xerais de informática. Hardware e software.	-Hardware. -Software. -Software básico: o sistema operativo. -Software de aplicación.	10 %
Normalización e xestión da información na CR.	-Tipos de documentos. Criterios básicos. -Ofimática. Aplicacións específicas.	20 %
Debuxo asistido (CAD).	-Conceptos básicos, diferenciación imaxe rasterizada e vectorial. -Comprensión dos conceptos básicos do entorno CAD. -Realización de debuxos. -Exportación de debuxos a programa 3D	20 %
Formato e procesado de imaxes ráster	-Resolución e profundidade da cor. -Formatos gráficos. -Tratamento e edición de imaxes. -Saída e optimización de arquivos gráficos	20%
Redes e internet	-Internet. Historia, servizos e recursos	10%



	-Linguaxe HTML	
Bases de datos	-Concepto e sistemas gestores de bases de datos. -Fundamentos para a creación, manexo e actualización dunha base de datos.	10%
Introdución ao 3D. Simulacións	-Conceptos básicos do modelado 3D. -Adquisición e aplicación de texturas e materiais. -Iluminación. -Saída e distribución..	10%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	1		1
Sesión maxistral	30		30
Resolución de problemas ou exercicios	5	22	27
Prácticas	72		72
Estudo e/ou traballo autónomo		20	20
Total	108	42	150

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Sesións maxistrais	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Memoria de prácticas ou comentario crítico de artigos especializados	Actividades para promover a reflexión, síntese e establecer conclusións ben sexa partir do traballo práctico realizado ou a partir dun artigo con temática relacionada.
Prácticas de informática	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (aula de informática, talleres de conservación-restauración).
Estudo e/ou traballo autónomo	Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor – plataforma Moodle-, bibliografía, etc.)



SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Tarefas curtas e proxectos máis complexos de prácticas da materia explicada durante as clases. Sempre baixo a supervisión da profesora.	-Puntualidade na entrega. -Calidade: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos no desenvolvemento do exercicio. -Claridade e eficacia na expresión, na forma. -Todos e cada un dos traballos deberán acadar unha nota mínima de 4 para poderlles facer media. -Os traballos que non acaden esa nota mínima poderanse repetir.	90%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula.	-Asistencia e participación-	10%
Total		100 %
OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN		
AVALIACIÓN ORDINARIA PARA OS ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA		
Entrega de traballos propostos e realizados ao longo do curso coa supervisión da profesora e/ou en período de recuperación		40%
Exame práctico		60%
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA OS ALUMNOS CON ASISTENCIA REGULAR		
Entrega dos proxectos realizados ao longo do curso.		40%
Exame práctico		60%
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA OS ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA		
Exame práctico		100%
ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes ofreceráse no horario establecido para esta finalidade.		
BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA		
-BARCELÓ, Miquel: Una historia de la informática. Editorial UOC, 2008. -RODRÍGUEZ ALONSO, Hugo: Imagen Digital: Conceptos básicos. Marcombo, 2009 -MEDIAactive: El gran libro de AutoCAD 2010. Marcombo, 2010.		



- MEDIActive: Manual de Photoshop CS6. Marcombo, 2013.
- Hallber, Bruce.: Fundamentos de Redes. Ed. Mc Graw Hill. Madrid, 2012.
- Ramez Elmarsi.: Fundamentos de sistemas de bases de datos. Ed. Pearson. Madrid, 2008.

OBSERVACIÓNS

-Usarase a plataforma Moodle para completar esta guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado que curse a avaliación continua, e moi recomendable para o resto.